

AS

F O R M I G A S

F I X E R O N

U N

A M I G O



HABÍA UNHA VEZ TRECE FORMIGAS QUE DESFILABAN POLO PARQUE. ¡COIDADADO!, DIXO UNHA FORMIGA, VEXO OS PÉS DOS NENOS QUE NOS VAN A PISAR PORQUE ESTÁ CHOVENDO MOITO E TEÑEN QUE ESCAPAR.

AS FORMIGAS LEVABAN UNHA FOLLA MARRÓN ENRIBA DO SEU CORPO QUE AS TAPABA DA CHUVIA.

POR FÍN CHEGARON O SEU FORMIGUEIRO PERO NON TODAS. COMO HABÍA TANTOS CAMIÑOS PERDERONSE POR UN.

POLO BURATIÑO ENTROU UN RAI DE SOL. DE SÚPETO ESCOITARON UN RUÍDO E ASUSTARONSE PENSANDO QUE ERA UN ANIMAL E AVISARON A TÓDALAS FORMIGAS QUE SAÍRON FORMANDO UN EXÉRCITO.





O RUÍDO CADA VEZ FACÍASE MÁIS FORTE,  
ESCOITABANSE OS LADRIDOS DUN CAN E UN OLOR  
MOI RARO E APESTOSO METÍASE POLO FORMIGUEIRO.

ERA A CACA DO CAN.

TRES FORMIGAS QUEDARAN AGOCHADAS NO PARQUE.  
ANTE A CHAMADA DE SOCORRO DAS SÚAS  
COMPAÑEIRAS ACUDIRON DE INMEDIATO E ENTRE  
UNHAS E OUTRAS RETIRARON A CACA DO CAN.

O DONO TIROUNA NUNHA BOLSA Á PAPELEIRA PERO  
NON SE DECATOU DE QUE ALÍ IBA A FORMIGA XEFA.

A ÉSTA OCURRIUSELLE UN PLAN. COLLEU UN PAUCIÑO  
PEQUEÑO E SALTOU CON TODAS AS SÚAS FORZAS  
FÓRA DA PAPELEIRA.





A FORMIGA XEFA CUN ASUBÍO AVISOU AS  
SÚAS AMIGAS E TODAS FORON A FACERLLE  
CÓXEGAS Ó ANIMAL, POLO RABO, POLAS  
ORELLAS, POLA BARRIGUIÑA, POLAS PATAS... E  
O CAN CON TANTAS CÓXEGAS SAÍU CORRENDO  
DO PARQUE.

UNHA FORMIGA QUEDOU ENGANCHADA NO  
RABO. FACÍA MOITO VENTO, A FORMIGA CAÍU E  
MANCOUSE CONTRA O CHAN E AS OUTRAS  
AMIGUIÑAS FORON NA SÚA AXUDA.






O CAN ATRAVESOU A ESTRADA E METEUSE  
NUNHA TENDA DE DISFRACES. ALÁ Ó FONDO  
ATOPOU UN DISFRAZ DE SUPERHÉROE. PUXO  
UNHA CAPA VERMELLA E UNHA MÁSCARA. ASÍ  
VESTIDO VOLVEU Ó PARQUE.

O SEU DONO QUE ERA BASTANTE GRUÑÓN E  
TIÑA O CEÑO FRUNCIDO A MIÚDO, NON O  
RECOÑECEU. DENDE AQUEL DÍA O CAN E AS  
FORMIGAS FIXERONSE MOI AMIGOS E CADA  
TARDE XOGABAN XUNTOS NO PARQUE.

E COLORÍN, COLORADO ESTE CONTO ESTÁ  
REMATADO.





ESTE CONTO FOI ELABORADO POLOS NENOS E NENAS DA CLASE DE 5 ANOS.

André

SABELA

Lucia

Abella

MARIO B.

ALICE

ÁFRICA P.

ALBERTO

ATHENEA

Tareq

Valentina

XACOBÉ

Lucas

Uxia

JUAN  
MATEO

IZAN

XAVI

MANUEL

David

Fabian

NEILA

GRETTEL

MARIO V.





ESTE CONTO REMATOUSE O 27 DE ABRIL DE 2015.

PERTENECE A: \_\_\_\_\_



**INFANTIL 5 ANOS**

**CURSO 2014-15**

**CEIP CURROS ENRÍQUEZ  
(OURENSE)**